LUNS **20 XANEIRO** 2020 • ANO XIV – Nº 568 • Correo: liderlugo@lavoz.es
La Voz de Galicia
1 Líder




# O CONDE VENCE O REI

**A Residencia impúxose ao Compostela, líder destacado da Liga Galega xuvenil** cun solitario gol de Jorge Conde na primeira parte do encontro. Os de Adrián Vázquez suman tres vitorias consecutivas, as dúas últimas na cheda sen encaixar goles no que vai de 2020 e seguen escalando postos na táboa clasificatoria




PROVINCIAL INFANTIL

## O Burela, actual campión, xa manda en solitario na clasificación

Tras catro xornadas disputadas, os de Ánxel son o único equipo que suma todos os seus encontros por vitorias. A última ante o Piringalla nas Gándaras, nun partido no que exhibiron potencial e pegada para saír co liderado en solitario do Provincial infantil

SELECCIÓNS GALEGAS



**CANDELA VÁZQUEZ,** da SD Becerreá, foi citada polo seleccionador galego sub 15 feminino para realizar un adestramento o próximo mércores en Santiago de Compostela

DIVISIÓN DE HONRA CADETE

**O CD LUGO VOLVE AO PODIO** O conxunto que dirixe Dani Galán remata a xornada no terceiro chanzo, tan só por detrás de Deportivo e Celta de Vigo, tras impoñerse na Coruña ao Ural por un gol a dous

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| R. Oviedo – R. Ferrol | 1–2 |
| CD Lugo – RC Celta | 0–2 |
| R. Santander – R. Avilés | 2–0 |
| Deportivo – TSK Roces | 1–2 |
| Bansander – Conxo | 1–1 |
| Ural CF – At. Perinés | 3–0 |
| Val Miñor – Marina Sp. | 4–0 |
| Sp. Gijón – Calasanz | 4–0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 48 | 18 | 15 | 3 | 0 | 49 | 13 |
| SPORTING GIJÓN | 46 | 18 | 14 | 4 | 0 | 54 | 12 |
| RC DEPORTIVO | 32 | 18 | 9 | 5 | 4 | 30 | 16 |
| R SANTANDER | 31 | 18 | 9 | 4 | 5 | 37 | 25 |
| BANSANDER | 30 | 18 | 8 | 6 | 4 | 23 | 17 |
| REAL OVIEDO | 26 | 18 | 8 | 2 | 8 | 28 | 27 |
| CONXO SANTIAGO | 24 | 18 | 6 | 6 | 6 | 22 | 29 |
| TSK ROCES | 22 | 18 | 7 | 1 | 10 | 23 | 32 |
| ED VAL MIÑOR | 21 | 18 | 6 | 3 | 9 | 26 | 26 |
| URAL CF | 21 | 17 | 5 | 6 | 6 | 21 | 21 |
| ATL PERINES | 21 | 18 | 6 | 3 | 9 | 15 | 29 |
| RACING FERROL | 17 | 17 | 4 | 5 | 8 | 17 | 29 |
| REAL AVILÉS CF | 16 | 18 | 4 | 4 | 10 | 13 | 33 |
| **CD LUGO** | **16** | **17** | **4** | **4** | **9** | **19** | **27** |
| CD CALASANZ | 12 | 17 | 3 | 3 | 11 | 15 | 32 |
| MARINA SPORT | 12 | 18 | 3 | 3 | 12 | 15 | 39 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Ferrol – Val Miñor · TSK Roces – CD Lugo
Calasanz – Ural CF · Marina Sp. – Deportivo
R. Avilés – Sp. Gijón · Conxo – R. Oviedo
RC Celta – R. Santander · At. Perinés – Bansander

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| O Val – UD Ourense | 1–2 |
| Choco – Victoria | 2–1 |
| EF Lalín – Pabellón | 0–0 |
| RC Villalbés – Pontevedra | 2–2 |
| Porriño – Valladares | 0–1 |
| CD Areosa – CD Lugo B | 0–1 |
| Alondras – Deportivo B | 0–2 |
| RC Celta B – Val Miñor B | 6–0 |
| Ourense CF – R. Bouzas | 1–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 49 | 18 | 16 | 1 | 1 | 64 | 13 |
| DEPORTIVO "B" | 40 | 18 | 13 | 1 | 4 | 55 | 23 |
| C.D. AREOSA | 36 | 18 | 10 | 6 | 2 | 42 | 26 |
| PABELLON C.F. | 33 | 18 | 9 | 6 | 3 | 33 | 24 |
| PONTEVEDRA C.F. | 33 | 18 | 10 | 3 | 5 | 41 | 30 |
| C.D. CHOCO | 31 | 18 | 9 | 4 | 5 | 33 | 22 |
| **C.D. LUGO "B"** | **29** | **18** | **9** | **2** | **7** | **27** | **27** |
| RAPIDO BOUZAS | 27 | 18 | 7 | 6 | 5 | 28 | 28 |
| OURENSE C.F. | 27 | 18 | 7 | 6 | 5 | 33 | 24 |
| ALONDRAS C.F. | 24 | 18 | 7 | 3 | 8 | 24 | 30 |
| VICTORIA C.F. | 24 | 18 | 7 | 3 | 8 | 29 | 28 |
| VALLADARES | 21 | 18 | 6 | 3 | 9 | 28 | 36 |
| VAL MIÑOR "B" | 17 | 18 | 4 | 5 | 9 | 18 | 35 |
| E.F. LALIN | 15 | 18 | 4 | 3 | 11 | 15 | 38 |
| U.D. OURENSE | 14 | 18 | 4 | 2 | 12 | 22 | 40 |
| **RC VILLALBES** | **13** | **18** | **2** | **7** | **9** | **25** | **36** |
| S.D. O VAL | 12 | 18 | 3 | 3 | 12 | 19 | 48 |
| PORRIÑO C.F. | 7 | 18 | 1 | 4 | 13 | 14 | 42 |

### PRÓXIMA XORNADA

R. Bouzas – O Val · Valladares – CD Areosa
UD Ourense – Choco · CD Lugo B – Alondras
Victoria – EF Lalín · Deportivo B – RC Celta B
Pabellón – RC Villalbés · Val Miñor B – Ourense CF
Pontevedra – Porriño

## XUVENIL L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estrada – Victoria B | 3–1 |
| Orillamar – Calasanz B | 1–3 |
| Conxo B – Viveiro CF | 2–2 |
| Montañeros – Bergantiños | 3–3 |
| Dumbria – RC Villalbés B | 2–1 |
| Ural B – San Tirso | 2–0 |
| As Pontes – G. Caranza | 0–1 |
| Residencia – Compostela | 1–0 |
| R. Ferrol B – Boiro | 3–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| S.D. COMPOSTELA | 39 | 18 | 12 | 3 | 3 | 42 | 21 |
| CALASANZ "B" | 34 | 18 | 11 | 1 | 6 | 37 | 34 |
| R. FERROL "B" | 33 | 18 | 10 | 3 | 5 | 30 | 24 |
| MONTAÑEROS C.F. | 30 | 18 | 7 | 9 | 2 | 27 | 16 |
| BERGANTIÑOS | 30 | 18 | 8 | 6 | 4 | 33 | 18 |
| URAL C.F. "B" | 30 | 18 | 9 | 3 | 6 | 36 | 24 |
| C.D. BOIRO | 28 | 17 | 8 | 4 | 5 | 32 | 20 |
| C.F. DUMBRIA | 27 | 18 | 8 | 3 | 7 | 33 | 32 |
| SAN TIRSO S.D. | 26 | 18 | 8 | 2 | 8 | 39 | 26 |
| C.D. CONXO "B" | 25 | 18 | 6 | 7 | 5 | 39 | 28 |
| G. CARANZA | 24 | 18 | 7 | 3 | 8 | 29 | 37 |
| ESTRADA FB | 23 | 18 | 5 | 8 | 5 | 22 | 21 |
| **VIVEIRO C.F.** | **21** | **18** | **6** | **3** | **9** | **34** | **50** |
| **S.D. RESIDENCIA** | **20** | **17** | **5** | **5** | **7** | **16** | **22** |
| C.D. AS PONTES | 19 | 18 | 5 | 4 | 9 | 25 | 32 |
| ORILLAMAR S.D. | 18 | 18 | 5 | 3 | 10 | 23 | 40 |
| **VILLALBES "B"** | **14** | **18** | **4** | **2** | **12** | **21** | **38** |
| VICTORIA C.F. "B" | 7 | 18 | 2 | 1 | 15 | 20 | 55 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Estrada · RC Villalbés B – Ural B
Victoria B – Orillamar · San Tirso – As Pontes
Calasanz B – Conxo B · G. Caranza – Residencia
Viveiro CF – Montañeros · Compostela – R. Ferrol B
Bergantiños – Dumbria

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Val Miñor – Victoria | 1–1 |
| Conxo – Bergantiños | 2–0 |
| Arosa SC – Pabellón | 1–2 |
| San Tirso – AJ Lérez | 2–1 |
| Pontevedra – RC Celta | 0–5 |
| Ural CF – CD Lugo | 1–2 |
| Bertamiráns – Deportivo | 1–9 |
| Calasanz – X. Oroso | 2–1 |
| R. Ferrol – Coruxo | 2–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 54 | 18 | 18 | 0 | 0 | 78 | 6 |
| R.C. CELTA S.A.D. | 49 | 18 | 16 | 1 | 1 | 80 | 9 |
| **C.D. LUGO** | **31** | **18** | **10** | **1** | **7** | **27** | **33** |
| C.D. CALASANZ | 30 | 18 | 8 | 6 | 4 | 29 | 18 |
| E.D. VAL MIÑOR | 30 | 18 | 9 | 3 | 6 | 30 | 27 |
| SAN TIRSO S.D. | 30 | 18 | 9 | 3 | 6 | 28 | 27 |
| URAL C.F. | 29 | 18 | 8 | 5 | 5 | 23 | 19 |
| C.D. CONXO | 27 | 18 | 7 | 6 | 5 | 24 | 27 |
| RACING FERROL | 25 | 18 | 7 | 4 | 7 | 21 | 28 |
| PABELLON C.F. | 24 | 18 | 7 | 3 | 8 | 23 | 25 |
| VICTORIA C.F. | 23 | 18 | 6 | 5 | 7 | 27 | 38 |
| AROSA S.C. | 22 | 18 | 6 | 4 | 8 | 26 | 37 |
| PONTEVEDRA C.F. | 21 | 18 | 5 | 6 | 7 | 23 | 28 |
| CORUXO F.C. | 17 | 18 | 4 | 5 | 9 | 23 | 26 |
| X. OROSO | 13 | 18 | 2 | 7 | 9 | 22 | 28 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 12 | 18 | 1 | 9 | 8 | 16 | 33 |
| BERTAMIRANS C.F. | 10 | 18 | 3 | 1 | 14 | 15 | 60 |
| A.J. LEREZ | 3 | 18 | 0 | 3 | 15 | 9 | 55 |

### PRÓXIMA XORNADA

Coruxo – Val Miñor · RC Celta – Ural CF
Victoria – Conxo · CD Lugo – Bertamiráns
Bergantiños – Arosa SC · Deportivo – Calasanz
Pabellón – San Tirso · X. Oroso – R. Ferrol
AJ Lérez – Pontevedra

## CADETE L. GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Estrada – CD Lugo B | 1–1 |
| Deportivo B – Calasanz B | 3–1 |
| Conxo B – Viveiro CF | 3–0 |
| Montañeros – Dumbria | 4–0 |
| R. Ferrol B – RC Villalbés | 1–1 |
| Ural B – San Tirso B | 1–2 |
| Bergantiños B – G. Caranza | 1–2 |
| Milagrosa – Compostela | 1–2 |
| Imperator – Boiro | 1–1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEPORTIVO "B" | 47 | 18 | 15 | 2 | 1 | 63 | 18 |
| E.F.M BOIRO | 42 | 18 | 13 | 3 | 2 | 49 | 15 |
| S.D. COMPOSTELA | 41 | 18 | 13 | 2 | 3 | 37 | 17 |
| MONTAÑEROS C.F. | 40 | 18 | 12 | 4 | 2 | 43 | 10 |
| IMPERATOR O.A.R. | 32 | 18 | 10 | 2 | 6 | 23 | 25 |
| GALICIA CARANZA | 31 | 18 | 10 | 1 | 7 | 39 | 27 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 27 | 18 | 8 | 3 | 7 | 30 | 26 |
| URAL C.F. "B" | 25 | 18 | 7 | 4 | 7 | 38 | 26 |
| **C.D. LUGO "B"** | **25** | **18** | **7** | **4** | **7** | **29** | **22** |
| **MILAGROSA** | **24** | **18** | **6** | **6** | **6** | **16** | **22** |
| C.D. CONXO "B" | 24 | 18 | 7 | 3 | 8 | 27 | 26 |
| C.F. DUMBRIA | 19 | 18 | 6 | 1 | 11 | 26 | 39 |
| R. FERROL "B" | 17 | 18 | 4 | 5 | 9 | 18 | 44 |
| BERGANTIÑOS "B" | 15 | 18 | 4 | 3 | 11 | 23 | 38 |
| **VIVEIRO C.F.** | **14** | **18** | **4** | **2** | **12** | **15** | **57** |
| CALASANZ "B" | 13 | 18 | 3 | 4 | 11 | 19 | 38 |
| **RC VILLALBES** | **12** | **18** | **2** | **6** | **10** | **16** | **37** |
| ESTRADA FB | 8 | 18 | 1 | 5 | 12 | 20 | 44 |

### PRÓXIMA XORNADA

Boiro – Estrada · RC Villalbés – Ural B
CD Lugo B – Deportivo B · S. Tirso B – Bergantiños B
Calasanz B – Conxo B · G. Caranza – Milagrosa
Viveiro CF – Montañeros · Compostela – Imperator
Dumbria – R. Ferrol B

## INFANTIL CTO. GALEGO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Sta. Mariña – Bertamiráns | 0–3 |
| Val Miñor – Deportivo | 0–5 |
| Calasanz – Pabellón | 2–1 |
| RC Celta – Pontevedra | 5–1 |
| Victoria FC – Ural CF | 3–3 |
| Conxo – CD Areosa | 0–3 |
| X. Oroso – EF Portero | 7–2 |
| Arosa SC – CD Lugo | 2–4 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| X. OROSO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 7 | 2 |
| R.C. DEPORTIVO | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 5 | 0 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 5 | 1 |
| BERTAMIRANS F.C. | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 0 |
| C.D. AREOSA | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 0 |
| **C.D. LUGO** | **3** | **1** | **1** | **0** | **0** | **4** | **2** |
| C.D. CALASANZ | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| URAL C.F. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 3 | 3 |
| VICTORIA F.C. | 1 | 1 | 0 | 1 | 0 | 3 | 3 |
| PABELLON C.F. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| AROSA S.C. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 4 |
| C.D. CONXO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 3 |
| SANTA MARIÑA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 3 |
| PONTEVEDRA C.F. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 5 |
| E.F. PORTERO | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 7 |
| E.D. VAL MIÑOR | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 5 |

### PRÓXIMA XORNADA

Bertamiráns – Arosa SC · Ural – RC Celta
Deportivo – Sta. Mariña · CD Areosa – Victoria
Pabellón – Val Miñor · Portero 2000 – Conxo
Pontevedra – Calasanz · CD Lugo – X. Oroso

## INFANTIL Fase descenso G-I

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bergantiños – Narón | 3–1 |
| Victoria – EF Lalín | 5–2 |
| G. Caranza – Montañeros | 1–1 |
| SD Viveiro – Sálvora | 1–1 |
| San Tirso – R. Ferrol | 1–2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| VICTORIA C.F. | 18 | 1 | 1 | 0 | 0 | 5 | 2 |
| RACING FERROL | 15 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| GALICIA CARANZA | 12 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| MONTAÑEROS C.F. | 11 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 11 | 1 | 1 | 0 | 0 | 3 | 1 |
| **S.D. VIVEIRO "A"** | **9** | **1** | **0** | **1** | **0** | **1** | **1** |
| S.D.C.Y R. NARÓN | 9 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 3 |
| SAN TIRSO S.D. | 7 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| E.F. LALIN | 7 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 5 |
| SALVORA, C.F. | 3 | 1 | 0 | 1 | 0 | 1 | 1 |

### PRÓXIMA XORNADA

Narón – San Tirso · Sálvora – G. Caranza
EF Lalín – Bergantiños · R. Ferrol – SD Viveiro
Montañeros – Victoria

## INFANTIL PROMOCIÓN

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Piringalla A – Burela SD | 2–5 |
| SD Ribadeo – SD Sarriana | 2–2 |
| Milagrosa – Residencia A | 1–2 |
| Villalbés A – SD Becerreá | 5–3 |
| CD Lugo B – SD Viveiro B | 5–3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA S.D. | 12 | 4 | 4 | 0 | 0 | 16 | 4 |
| S.C.D. MILAGROSA | 9 | 4 | 3 | 0 | 1 | 12 | 4 |
| SD RIBADEO | 8 | 4 | 2 | 2 | 0 | 16 | 9 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 8 | 4 | 2 | 2 | 0 | 6 | 4 |
| R. VILLALBES "A" | 7 | 4 | 2 | 1 | 1 | 12 | 10 |
| S.D. BECERREA | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 13 | 18 |
| PIRINGALLA "A" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 6 | 11 |
| C.D. LUGO SAD "B" | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 7 | 15 |
| S.D. SARRIANA | 2 | 4 | 0 | 2 | 2 | 5 | 7 |
| S.D. VIVEIRO "B" | 1 | 4 | 0 | 1 | 3 | 7 | 18 |

### PRÓXIMA XORNADA

Piringalla A – Ribadeo · Becerreá – CD Lugo B
Sarriana – Milagrosa · Burela – SD Viveiro B
Residencia – Villalbés

## CADETE PROMOCIÓN

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CD Foz – Residencia | Apr. |
| Piringalla A – SD Ribadeo | 0–2 |
| Becerreá – Burela SD | 0–7 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 6 | 2 | 2 | 0 | 0 | 4 | 1 |
| BURELA S.D. | 4 | 2 | 1 | 1 | 0 | 9 | 2 |
| EF POLVORIN "A" | 3 | 1 | 1 | 0 | 0 | 2 | 1 |
| PIRINGALLA "A" | 1 | 2 | 0 | 1 | 1 | 2 | 4 |
| C.D. FOZ | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| S.D. RESIDENCIA "A" | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 1 | 2 |
| S.D. BECERREA | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 0 | 7 |

### PRÓXIMA XORNADA

Polvorín – CD Foz · Ribadeo – Becerreá
Residencia – Piringalla · **Descansa**: Burela SD






Castrín pisando o balón ante o banquiño do Celta e baixo a presión dun xogador celeste no encontro disputado o pasado sábado pola tarde no Municipal da Cherda

# O líder exhibiu a súa condición na Cheda

**VITORIA CELESTE COS LUCENSES BRAIS E ALDÁN** no once inicial. Digno encontro do Lugo ante un rival superior



Xabi Domínguez medíndose en velocidade cun defensa

Primeira derrota do Lugo na División de Honra con Bruno Rodríguez á fronte do equipo. O Celta de Vigo, actual campión e líder en solitario da máxima categoría do fútbol base nacional, levouse os tres puntos da Cheda nun partido dominado polos celestes, pero no que o Lugo mantívose con opcións de puntuar ata a recta final do encontro.

O plan era ese, chegar con vida ao desenlace final, e os lucenses conseguírono ata que chegou o cero a dous no tempo de desconto.

Ata entón o Celta tivo o control do xogo a partir da posesión do balón, pero non puido xerar ocasións claras salvo algún disparo desde fóra da área ou algunha chegada illada por banda con centros.

Nunha destas accións chegou o cero a un, no ecuador da primeira parte, tras un centro que rematou ao fondo das mallas Gyesi tras unha gran acción de nove dentro da área.

O guión non cambiou en exceso pese ao cero a un, cun Lugo ben armado en defensa, con liña de tres centrais na que entrou Castrín, e intentando saír á contra por medio de Ernesto e Xabi, que conseguiron gañar algunha vez a liña de fondo pero sen atopar rematadores dentro da área rival.

O Lugo seguía vivo e a súa idea fortaleceuse ao comezo da segunda parte, na que o Celta, co mariñao Aldán Noval no centro do campo ao mando das operacións e con Brais baixo paus, tiña o control pero sen poder chegar con perigo aos dominios de Losada.

Co paso dos minutos Bruno Rodríguez subiu as liñas do Lugo adiantando a posición de Fidalgo ao centro do campo e quedándose cunha defensa de catro.

O Celta contrarrestouno coa entrada no terreo de xogo de Miguel, un xogador con moitísimo desborde e que axudou a que o Celta tivese máis mordente nos metros finais. Con todo, a primeira chegada dos celestes na segunda parte foi á media hora.

Cun cuarto de hora por diante e con todo por decidir, Xabi tivo o empate a un tras un claro contraataque no que o extremo non puido definir ben.

O Lugo, que tivo máis balón na segunda parte que na primeira, chegou con opcións de puntuar ao desenlace final, no que a moeda caeu ao lado visitante co definitivo cero a dous tras unha acción a balón parado xa co tempo regulamentario cumprido.

**Próxima xornada**

Dobre cita para o Lugo a próxima semana. O xoves a partir das 19:00 horas o Calasanz visita A Cheda para disputar o encontro aprazado no seu día, mentres que o domingo os de Bruno Rodríguez viaxan a Gijón para medirse cun Roces que vén de dar unha das sorpresas da xornada tras impoñerse en Abegondo ao Deportivo da Coruña.

Dobre cita para un Lugo que cae de novo a descenso, postos que poden abandonar o vindeiro xoves de conseguir os tres puntos en xogo ente o Calasanz da Coruña na Cheda.

| CD LUGO | 0 | 2 | CELTA DE VIGO |
|---|---|---|---|
| | | | **Goles:** Gyesi e Rodríguez |




**Árbitro:** Iván Abel, Alberto Lago e Ángel Pérez **Campo:** Municipal A Cheda

**"GRAN TRABALLO DE TODO O EQUIPO. A PESAR DO RESULTADO FINAL O GRUPO DEU UN GRAN RENDEMENTO ANTE UN BO RIVAL"**

BRUNO RODRÍGUEZ - Club Deportivo Lugo

**2**

**LUCENSES NO CELTA**
O porteiro Brais e o centrocampista Aldán Noval volveron a Lugo coa camiseta celeste, partindo dende o once inicial do líder da División de Honra xuvenil

**3**

**CENTRAIS**
Bruno Rodríguez apostou neste encontro por defensa de 5 coa novidade de Castrín acompañando a Damián e Fidalgo, e con Vila e Eloy en bandas

**2**

**PARTIDOS**
Esta próxima semana disputará o CD Lugo na División de Honra xuvenil. O xoves 23 a partir das 19:00 horas reciben ao Calasanz no encontro aprazado correspondente a primeira xornada da segunda volta, e o domingo viaxan a Asturias para medirse co Roces



Daminán presionando a un xogador do Celta de Vigo



O gardamallas lucense do Celta Brais, atallando o balón



Vila encarando a un xogador celeste ante Bruno Rodríguez

# O Roca mantén o goteo de puntos

**O RÁCING VILLALBÉS ACARICIOU A VITORIA,** pero a fortuna aliouse co Pontevedra ao empatar no treito final cun gol en propia porta. David foi o autor dos dous goles do cadro chairego

| RC VILLALBÉS | 2 | 2 | PONTEVEDRA |
|---|---|---|---|
| **Goles:** David (2) | | | **Goles:** Santiago e outro en propia porta |




**Árbitro:** Pedro Castro Gómez, Alberto Blanco e Francisco Ibáñez **Campo:** Estadio Roca

Rácing Villalbés e Pontevedra medíronse no Roca o pasado sábado pola tarde nun gran duelo, cheo de emoción, sobre todo na segunda parte na que se viron catro goles e se anularon outros dous, un a cada equipo.

Ata entón, a primeira parte transcorreu con dominio dos de Cholas ante un Pontevedra incómodo que buscou o fútbol directo ante o que o Villalbés foi superior nas disputas e nas segundas accións.

David, ademais dos dous goles, e Anxo, apropiáronse do centro do campo, mentres que Gabri, cun remate ante o que se luciu o porteiro visitante, Buján, cun disparo desde fóra do área, Martín, cun remate desde dentro da área, e López á saída dun córner, mantiveron un goteo constante de ocasións sen finalizar nunha primeira parte que o Rácing Villalbés terminou ademais en superioridade numérica trala

**"NOS REPUSIMOS A UN RESULTADO INJUSTO DE UNA MANERA FANTÁSTICA. ENCANTADO POR COMO HEMOS COMPETIDO ANTE UN BUEN EQUIPO"**

CHOLAS - RC Villalbés

expulsión dun defensa do Pontevedra.

Na segunda parte os de Cholas tiñan que rematar a faena, pero o encontro púxose costa arriba moi pronto, co cero a un aos tres minutos. Pouco despois Édgar evitou o que puido ser a sentenza ao deter un lanzamento de penalti.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| DAVID | ●●● |
| ANXO | ●● |
| ÉDGAR | ● |

A partir de aí o Vilallbés volveu asentarse no terreo de xogo e da man de David deulle a volta ao marcador. O un a un chegou tras rematar un centro de Speedy, e o dous a un cunha boa acción individual dentro da área visitante.

Co partido controlado, vinte minutos por diante e superioridade numérica, o Rácing tiña o encontro onde quería ante un Pontevedra que non daba sinais de poder empatar.

Con todo, a fortuna aliouse cos visitantes a dez minutos do final, cun gol en propia porta ao intentar Anido despexar un córner facendo o balón unha parábola imposible de deter por Édgar.

O Pontevedra se replegou nos minutos finais dando por bo un empate que o Villalbés quixo romper. Os de Cholas reclamaron un penalti que o colexiado non estimou na recta final dun partido moi emocionante e no que o punto sabe a pouco para un Rácing que buscou e mereceu os tres en xogo.

**Próxima xornada**

O Rácing Villalbés viaxa a Ourense para medirse cun Pabellón que vén de empatar a cero en Lalín, pero que é cuarto na táboa clasificatoria e tan só perdeu un encontro en casa no que vai de tempada.

**4**

**PUNTOS** dos seis últimos en xogo sumou o Rácing Villalbés, todos eles no Estadio Roca, que unha tempada máis será clave para acadar os obxetivos

**7**

**GOLES DE DAVID** esta tempada, sendo o máximo goleador do Rácing Villalbés e dos equipos lucenses na Liga Nacional. Speedy, con 5, é o segundo



Anxo controlando o balón en medio campo no Roca

# Pérez plasmou no marcador o traballo colectivo do Lugo B

**OS DE BRAIS PRADOS RECUPERARON A SOLVENCIA DEFENSIVA** nun encontro que foron madurando ata rematar sendo claramente superiores en Vigo

**2**

**PARTIDOS DE PÉREZ**
O xogador alvibermello disputou dous encontros esta fin de semana. O sábado ante o Celta de Vigo na División de Honra e o domingo en Vigo ante o Areosa

**3**

**XOGADORES** foron citados polo primeiro equipo esta fin de semana. Pérez, que doblou, Castrín e Rodrigo, que foron titulares ante o Celta de Vigo na División de Honra



Rosón a piques de golpear o balón no partido de ida

| AREOSA | 0 | 1 | CD LUGO B |
|---|---|---|---|
| | | | **Gol:** Pérez |




**Árbitro:** Juan Luis Dávila, Rogelio Veiga e Santiago Morell **Campo:** A Xunqueira

A solvencia defensiva do Lugo B secou ao Areosa ao longo dos noventa minutos na Xunqueira, nos que os de Brais Prados foron de menos a máis ata terminar o encontro con ocasións dabondo para traerse os tres puntos cun marcador máis amplo.

Na primeira parte o Lugo B estivo moi cómodo en repliegue e saíndo en rápidas transicións. As dúas ocasións máis claras nos primeiros corenta e cinco minutos foron para os lucenses. A primeira cunha falta sacada por Mateo que rematou só Leandro, e a segunda cunha contra na que Herrero plantouse no man a man co porteiro local, aínda que non puido superalo.

O Areosa intentou vivir das accións a balón parado, pero non xerou perigo ante Chanza.

Xa na segunda parte o Lugo B deu un paso á fronte e empezou a presionar máis arriba, o que propiciou roubos de balón máis preto da portería rival.

O primeiro en amagar co cero a un volveu ser Leandro, pero o gol correu a cargo de Pérez, que entrou na segunda parte tras ter minutos o sábado ante o Celta en División de Honra.

Mateo roubou un balón e serviu un bo pase en profundidade que aproveitou Pérez para desnivelar o marcador a vinte minutos do final, tempo no que o Lugo B puido ampliar a diferenza con varias contras en superioridade numérica nas que tan só lle faltou calma no último pase e na definición.

O Areosa, en accións a balón parado, buscou o empate, pero chocou coa solvencia defensiva dun Lugo B solidario no esforzo ao longo dos noventa minutos de xogo na Xunqueira.


Adri anticipándose a un xogador do Compostela



Roi loitando por un balón dividido en medio campo


David a piques de controlar o esférico ante un rival

# A Residencia mantén o voo

**TRAS IMPOÑERSE AO LÍDER NA CHEDA,** os de Adrián Vázquez suman os últimos nove puntos en xogo na Liga Galega xuvenil. Tres vitorias en tres encontros, nos que só encaixaron un gol

| SDC RESIDENCIA | 1 | 0 | COMPOSTELA |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Conde | | | |




**Árbitro:** Álvaro Valín González. Alejandro Luna e Jorge Estraviz **Campo:** A Cheda

O Compostela presentouse na Cheda como líder destacado da clasificación, pero os composteláns foron vítimas do estado de graza polo que

**"MENTRAS SIGAMOS MANTENDO ESTE NIVEL DEFENSIVO PODEREMOS LOITAR POLOS OBXETIVOS QUE NOS MARQUEMOS"**

ADRIÁN VÁZQUEZ - Residencia

atravesan os de Adrián Vázquez, que sumaron os 9 últimos puntos en xogo e que levan dous encontros consecutivos sen encaixar gol.

Lonxe de especular ante o líder, a Residencia saltou ao campo sen complexos e cunha presión alta que non tardou en dar os seus froitos, xa que aos sete minutos Conde inaugurou o marcador rematando de volea un centro de Cancio.

O Compostela ensinou os dentes e pouco despois estrelou un balón no poste, pero atopouse coa solvencia defensiva dunha Residencia que, por medio de Conde, estivo preto do dous a cero antes do descanso.

O Compostela, como era de esperar, veuse arriba na segunda parte, pero de novo chocou cunha seriedade defensiva da Residencia que está sendo clave para sumar e saír dos últimos postos da clasificación.

En repliegue, pero sen renunciar ao ataque, xa que as contras dos lucenses foron perigosas, sendo a máis clara unha que iniciou Conde e que non puido culminar Fonseca para sentenciar o encontro.

Adrián Vázquez meteu a Cristhian de mediocentro na recta final, e o defensa branquiazul foi o dono dos balóns aéreos cos que o Compostela buscou á desesperada o empate na recta final do encontro.

Ao final, vitoria pola mínima dunha Residencia que sumou os últimos 9 puntos en xogo e que aínda non encaixou gol no que vai de 2020.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| GARCÍA | 3 |
| CONDE | 2 |
| IVÁN | 1 |

**Próxima xornada**

A Residencia viaxa a Ferrol para medirse co Galicia Caranza, nun partido no que os da Cheda poden poñer terra polo medio cos postos de descenso de sumar a súa cuarta vitoria consecutiva na Liga Galega xuvenil.

# Un gol olímpico deixou ao Villalbés B sen premio

**O VENTO FOI DETERMINANTE** nesa acción e ao longo dos noventa minutos de xogo en Dumbría

| DUMBRÍA | 2 | 1 | VILLALBÉS B |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Diego e Adrián | | | **Goles:** Buján |




**Árbitro:** Adrián Pérez Rellán.

Dous goles tras senllos saques de esquina ao final de cada parte tombaron a un Rácing Villalbés B que, como mínimo, mereceu puntuar na súa visita a Dumbría.

O vento foi o principal protagonista dun encontro con moitos contactos físicos, moitas interrupcións e moi trabado, pero no que os chairegos puxéronse o mono de traballo para competir de poder a poder.

A primeira ocasión chegou no primeiro minuto para o Dumbría, o que acendeu as alertas da defensa chairega. A partir de aí o Rácing creou perigo con remates de Javi e Buján, sendo este último o que inaugurou o marcador tras asociarse á perfección con lago Gesto.

O propio Gesto, cun remate pegado á cruceta, tivo o cero a dous antes de que o Dumbría empatase no tempo engadido da primeira parte tras un saque de esquina.

A segunda parte tivo menos presenzas nas áreas ata que na recta final, un córner no que o aire xogou un papel determinante, terminou nun gol olímpico co que o Dumbría desnivelou o marcador.

Nos últimos instantes o Rácing B envorcouse en busca dun empate que nesta ocasión semellaba o mínimo premio que merecían os Iván Lamas.

**"AÍNDA QUE EN NINGÚN MOMENTO DO PARTIDO ESTIVEMOS CÓMODOS, POLO VENTO E POLO CAMPO, OS RAPACES MERECÍAN PUNTUAR POLO TRABALLO REALIZADO"**

IVÁN LAMAS - Villalbés B

**4**

**GOLES DE BUJÁN** na Liga Galega xuvenil. Ademais, o extremo tamén marcou este curso na Liga Nacional

**OS MELLORES**

| VILLALBÉS B | |
|---|---|
| GABI | 3 |
| BUJÁN | 2 |
| CABADO | 1 |

# Moi cruel o desenlace final para o Viveiro en Conxo

**0-2 GAÑABAN OS CELESTES NO MINUTO 86,** ata que dúas accións a balón parado e o colexiado igualaron o encontro

| CONXO STG. B | 2 | 2 | VIVEIRO CF |
|---|---|---|---|
| **Goles:** Martín e lago. | | | **Goles:** Xoel Eijo e Diego. |




**Árbitro:** Miguel Ángel Castro Maldonado.

**"LOS ÁRBITROS DEBEN UTILIZAR SU AUTORIDAD PARA INSTRUIR Y NO PARA DESAFIAR. UN 10 PARA TODOS LOS JUGADORES EN ESTE ENCUENTRO"**

A. SERRANO - Viveiro CF

**2**

**GOLES** encaixou o Viveiro nos últimos catro minutos, tempo no que as decisións arbitrais e o Conxo castigaron en exceso o gran partido que disputaron os celestes en Santiago

O Viveiro atopouse con demasiados factores en contra nos últimos minutos tanto en Santiago como para saír de Conxo cos tres puntos. Os celestes medianse a un rival que na primeira volta lles endosara un contundente 2-9, pero este encontro foi totalmente distinto.

Os de Antonio Serrano saltaron ao campo con máxima concentración e intensidade para controlar o fútbol directo dos composteláns e con perigo en campo rival, xa que tras unha clara ocasión de Diego, Noel forzou un penalti que transformou Xoel Eijo nunha primeira parte controlada na que o Viveiro non deixou espazos, foi contundente e tan só concedeu unha chegada aos dominios de Lucas, que debutou nun once inicial esta tempada.

Tralo descanso o Viveiro empezou con defensa de tres centrais e saíndo con moitísimo perigo á contra, nunha delas, Diego fixo o cero a dous chegándose ao desenlace final co encontro controlado.

Os locais recortaron distancias cun libre directo afastado a falta de catro minutos, tempo no que o árbitro reclamou protagonismo ao non sinalar unha clara falta que desencadeou nun córner do que chegou o empate a dous co tempo regulamentario xa cumprido.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| XOEL EIJO | 3 |
| DIEGO | 2 |
| GÓMEZ | 1 |

# O Lugo volve subirse ao podio da División de Honra cadete

**TERCEIROS TRAS DEPORTIVO E CELTA DE VIGO** logo de impoñerse a un gran rival coma o Ural en Elviña, nun encontro que os de Dani Galán afrontaron moi mermados polas ausencias

**URAL CF 1 | 2 CD LUGO**

**Gol:** Pablo. **Goles:** Jorge e Xoel Irimia




**Árbitro:** Diego Seoane, Diego Sanjurjo e Iago Senín **Campo:** Elviña Grande. A Coruña



O albivermello Unai conducindo o coiro nun encontro da primeira volta da competición

**2**

**AUSENCIAS**
Sen Manel nin Alejandro, Dani Galán plantexou unha defensa de tres con Hugo Díaz acompañando a Juanma e Unai

O Lugo volve liderar a clasificación dos mortais na máxima categoría do fútbol cadete. Os de Dani Galán son terceiros, tras Deportivo e Celta, ambos a outro nivel.

Tras perder a pasada xornada en Pontevedra deixando malas sensacións, o Lugo aproveitou a semana para traballar e prepararse ben para visitar a un dos mellores equipos da Liga como é o Ural. Ademais, os lucenses fixérono con baixas en defensa ao non estar dispoñibles Manel e Alejandro.

Ante iso, Dani Galán suscitou unha defensa de tres centrais con Hugo Díaz acompañando a Juanma e Unai.

O traballado ao longo da semana plasmouse no terreo de xogo. O Lugo tivo o control do partido a partir da posesión do balón, sobre todo tralo cero a un que subiu ao marcador Jorge aos once minutos de xogo.

A partir de aí, nun campo de grandes dimensións, o Lugo defendeu con balón, sen profundidade no seu xogo pero sen deixar que o Lugo chegase con perigo aos dominios de Víctor, e ata puido chegar o cero a dous antes do descanso, de novo cunha ocasión de Jorge.

Tralo intermedio o Lugo tivo que lidiar con moitos factores en contra. O primeiro o potencial herculino, que deu un paso á fronte cos cambios na segunda parte, e despois cos problemas físicos.

Primeiro foi Juanma o que tivo que ser atendido fóra do terreo de xogo ata ser substituído, e tras unha clara falta sobre Hugo, que tamén caeu lesionado, o Ural empatou nunha contra de catro para dous.

Victor salvou o dous a un nun man a man nos peores momentos dun Lugo que rexurdiu no tramo final, e Xoel Irimia, cunha impresionante volea, derrubou o muro local para darlle os tres puntos a un Lugo que se armou en defensa para manter o ,marcador a favor nos seis minutos que engadiu o colexiado.

## Continúa a sequía de puntos a domicilio esta tempada

**O VIVEIRO** aínda non puntuou lonxe do Marcos Gómez no que vai de curso na Liga Galega cadete

**CONXO STG. B 3 | 0 VIVEIRO CF**

**Goles:** Jaime, Iván e Jose.




**Árbitro:** Carlos Villaverde, Adrián Ponte e Raúl García

**"EMPIEZA LA SEGUNDA VUELTA Y NECESITAMOS 20 PUNTOS PARA CONSEGUIR LA PERMANENCIA. TRABAJAREMOS Y ENTRENAREMOS CON LO QUE TENEMOS"**

SERGIO IGLESIAS - Viveiro

**10**

**PARTIDOS** a domicilio e 10 derrotas para o Viveiro, que se xogará a carta da permanencia nos encontros que dispute no Marcos Gómez

A permanencia en calquera categoría superior é un reto complicado pero aínda o é máis nunha competición como a Liga Galega cadete, na que compiten ata 8 equipos filiales que se poden reforzar xornada tras xornada con xogadores de División de Honra cadete.

Este é o caso do Conxo Santiago B, que recibiu con varios reforzos extras ao Viveiro na Mercé.

Os de Sergio Iglesias, que seguen sen puntuar a domicilio, estiveron a un bo nivel, pero a calidade individual desnivelou un partido no que o máis xusto sería un empate.

Desde os primeiros minutos o Viveiro estivo intenso e concentrado en defensa, ademais de xerar perigo en accións a balón parado, ata tralo un a cero nunha acción illada.

Na segunda parte o Viveiro arriscou en busca do empate, e Adrián tívoo cun remate ao largueiro. Con todo, a pegada foi para os composteláns, que coa lei do mínimo esforzo fixeron o dous a cero.

De novo o poste evitou que Adrián puidese recortar distancias nun partido que o Conxo B levou ata o avultado tres a cero ao final do encontro disputado en Santiago de Compostela.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF | |
|---|---|
| PABLO | 3 |
| ADRIÁN | 2 |
| HUGO | 1 |

## O Lugo B olvidouse dous puntos no campo do colista

**RAÚL ADIANTOU AOS CAPITALINOS,** pero os de Antón Méndez nunca encontraron un ritmo optimo de xogo

**ESTRADA 1 | 1 CD LUGO B**

**Gol:** Diego. **Gol:** Raúl




**Árbitro:** Óscar Martínez Santos

**1**

**PUNTO NO 2020**
O Lugo B, que perdeu na xornada inaugural ante o Boiro, recibirá na próxima xornada ao líder da Liga Galega cadete, o Deportivo B, nas Gándaras

**2**

**GOLES DE RAÚL**
O centrocampista albivermello asinou o cero a un aos oito minutos, co seu segundo gol da tempada na Liga Galega cadete

Dominio estéril do Lugo B na Estrada ante o último clasificado da Liga Galega cadete, que se quedou con parte do botín en xogo.

Os de Antón Méndez dominaron ante un rival moi replegado e que contaxiou o seu ritmo lento aos lucenses co paso dos minutos.

Pese a iso, o partido púxose de cara, xa que de inicio o máis complicado parecía abrir a lata ante o repliegue local. Raúl, aos oito minutos, rompeu o cero a cero inicial cun bo disparo desde fóra da área.

Co partido baixo control, o Lugo B cometeu un erro e o Estrada estivo atento para aproveitalo e empatar o encontro de novo no ecuador da primeira parte.

A partir de aí, o Estrada volveuse replegar e o Lugo B non atopou vías para romper liñas de pase, chegándose ao descanso sen apenas incidencias en ambas áreas.

Na segunda parte o Estrada animouse un pouco máis para saír á contra ante un Lugo B que perdeu a intensidade ofensiva e defensiva. Os cambios reactivaron ao equipo e os de Antón Méndez terminaron o encontro buscando o gol da vitoria, pero con máis corazón que cabeza.

**Próxima xornada**

O Lugo B recibirá ao líder da competición, o Deportivo B, o vindeiro sábado nas Gándaras.

# O Compostela só foi mellor no resultado

**A MILAGROSA MERECEU MÁIS PREMIO** ante o terceiro clasificado, pero unha vez máis o gol deulle as costas aos de Madriles

| MILAGROSA | 1 | 2 | COMPOSTELA |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Mario | | | **Goles:** Xaime e Iker |




**Árbitro:** Adrián Teijido, Anai Vázquez e Juan Luis Fernández **Campo:** Luis López Gorgoso, Frigsa

O Compostela, terceiro clasificado da Liga Galega cadete, levouse todo o botín en xogo de Frigsa tras impoñerse á Milagrosa por un gol a dous. Este foi o único aspecto do encontro no que os composteláns foron mellores que os lucenses.

Desde os primeiros minutos viuse un partido de poder a poder, con máis intensidade que fútbol, pero con dous equipos ben plantados no terreo de xogo.

Os visitantes inauguraron o marcador ao filo da media hora de xogo tras unha acción a balón parado, un saque de esquina ao segundo pau co que o Compostela poñíase por diante.

A partir de aí os visitantes incidiron máis en non encaixar que en buscar o segundo, e a Milagrosa

**"UNA VEZ MÁS VOLVIMOS A GENERAR OCASIONES SUFICIENTES COMO MÍNIMO PARA PUNTUAR, PERO YA TENEMOS QUE EMPEZAR A PENSAR EN EL PRÓXIMO ENCUENTRO"** MADRILES - Milagrosa

dispuxo de dúas ocasións moi claras. A primeira cun rexeite que Cabarcos non puido materializar desde a área pequena, e xusto antes do descanso Nico estrelou o balón no poste tras rematar de cabeza unha falta lateral executada por Mario.

Ao descanso, pese ao cero a un, a sensación era de máxima igualdade, e nada máis empezar o segundo tempo Mario atopouse cunha gran intervención do guardameta compostelán coa que evitou o un a un.

O empate estaba preto, pero o Compostela demostrou a pegada que teñen os equipos da zona alta e o seu pichichi Iker acudiu tamén en Frigsa á súa cita co gol para poñer terra polo medio no marcador co cero a dous.

A Milagrosa, con vinte minutos por diante, non se rendeu e deulle emoción aos instantes finais ao recortar distancias Mario cun disparo coa zurda desde fóra da área, pero xa sen practicamente tempo para buscar o que sería un empate xusto.

**OS MELLORES**

**MILAGROSA**
- MARIO
- JUAN
- RAFA

**Próxima xornada**

A Milagrosa desprázase a Ferrol para medirse cun Galicia Caranza que se presenta como rival directo para entrar nos play off de ascenso.


Juan presionando a un xogador compostelán en Frigsa


Nico conducindo o coiro por diante dun xogador rival


Diego Cabarcos anticipándose a un defensa rival

# O Rácing Villalbés marca a liña a seguir na segunda volta

**OS DE JANDRO NOVOA FORON SUPERIORES EN FERROL** ante un rival directo na loita pola permanencia. O empate final sabe a pouco, pero é moi valioso

**4**

**AUSENCIAS** O Rácing presentouse na Gándara sen os sancionados Carlos e Alberto e os lesionados Javi e Jose, malia iso, os chairegos realizaron un gran encontro

**1**

**PUNTO** para arrincar a segunda volta. Na primeira o Ferrol B gañara no Roca, polo que os de Jandro Novoa inician a segunda ronda mellorando os rexistros da primeira


Noel despexando un balón no encontro da primeira volta

| R. FERROL B | 1 | 1 | RC VILLALBÉS |
|---|---|---|---|
| **Gol:** Pedro | | | **Gol:** Miguel |




**Árbitro:** Alejandro Miño, Iago De Oliveira e Borja González **Campo:** A Gándara.

O Rácing Villalbés saíu da Gándara coa sensación de perder dous puntos, pero á vez saen reforzados tras empatar a un ante un rival directo fóra de casa, nun partido no que foron mellores malia contar con catro ausencias significativas.

A primeira parte foi de claro dominio racinguista, presionando en campo rival e buscando directo aos dous puntas, Martín e sobre todo Anxo, que amagou co cero a un ao plantarse só no man a man co porteiro local, pero o seu remate marchouse rozando o poste.

Acto seguido, ao bordo da media hora de xogo, Miguel inaugurou o marcador ao aproveitar o rexeite dunha falta lateral.

A mellor noticia tralo cero a un foi que o guión de partido non cambiou e puido chegar o cero a dous por medio de Sergio Díaz para pechar unha primeira parte coa que o Villalbés foise con boas sensacións ao descanso.

**OS MELLORES**

**MILAGROSA**
- MARIO
- JUAN
- RAFA

**"EMPEZAR LA SEGUNDA VUELTA SIENDO SUPERIORES AL RIVAL FUERA DE CASA NOS TIENE QUE SERVIR PARA COGER CONFIANZA DE CARA A LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS"** JANDRO NOVOA - Villalbés

A segunda parte empezou do mesmo xeito, pero o Rácing de Ferrol B atopouse co empate cun golazo desde trinta metros nada máis empezar.

O Villalbés pasou polos seus peores momentos tralo un a un, pero Jandro Novoa reactivou ao equipo cos cambios e aos poucos o Rácing volveu asentarse no terreo de xogo chegando ao desenlace final buscando e merecendo o gol da vitoria.

Nos últimos dez minutos Martín conectou un remate dentro da área rival que non atopou porta, e Cristian por partida dobre cun man a man e un remate tras saque de esquina, acariñaron o gol da vitoria para un Villalbés que se tivo que conformar cun punto pese a merecer os tres en xogo na Gándara ante o Rácing de Ferrol B.

**Próxima xornada**

O Villalbés disputará o seu segundo encontro do 2020 no Roca recibindo ao Ural B. Os de Jandro Novoa intentará sumar a súa segunda vitoria consecutiva en casa para escalar postos na clasificación.

# O Lugo debuta na loita polo título cunha vitoria de mérito

**ENCONTRO MARCADO POLO AIRE,** ademais de pola posta en escena e a ambición dos albivermellos tralo descanso. Jose, cun hat trick, dirixiu aos de Jony en Vilagarcía de Arousa

| AROSA | 2 | 4 | CD LUGO |
|---|---|---|---|
| Gol: Hugo (2) | | | Goles: Jose (3) e Diego |




**Árbitro:** Diego Vidal, Santiago Márquez e Carmen del Mar Naveiro **Campo:** Manuel Jiménez

O Lugo debutou con vitoria na loita polo título Galego infantil, competición na que se miden os 16 mellores equipos de Galicia. Os de Jony desprazáronse a Vilagarcía para medirse cun Arosa nun terreo de xogo no que o vento sempre adoita xogar un papel protagonista, e nesta ocasión non foi unha excepción.

